



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día once de agosto de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Ricardo Rodicio González  
José Antonio García Pérez  
Inés Olmo González  
Juan Ramón Méndez Quiroga  
David López Goyanes  
Fernando Parada Veiga  
Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día once de agosto de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a concelleira Adoración Fernández González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a

sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día sete de xullo de dous mil once.

##### **1.02º.- CONTA XERAL DE 2010.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do Concello:

A Conta Xeral do Orzamento de 2010 foi ditaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión do día 1 de abril de 2011 e exposta ó público regulamentariamente para os efectos de exame e reclamacións, sen que se presentara ningunha. Procede pois a súa aprobación para remitila ó Consello de Contas.

Dita Conta Xeral presenta como resultado un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de cento vinte e catro mil setenta e dous euros con trinta e tres céntimos (-124.072,33€). Este resultado supón un -9,91% sobre os dereitos liquidados por ingresos correntes.

Consonte co anterior e á vista do expediente e da documentación que obra no mesmo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-la Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2010, na que resulta un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de cento vinte e catro mil setenta e dous euros con trinta e tres céntimos (-124.072,33€).*

2.- *Remitir dita conta coa correspondente documentación complementaria ó Consello de Contas de Galicia ós efectos previstos na lexislación vixente.*

Intervén o portavoz independente:

Dende o anterior mandato a situación económica e difícil, e haberá que facer os axustes suficientes. Os ingresos do Estado e a Xunta de Galicia baixan, os gastos aumentan e temos ademais a débeda histórica deste concello que se incrementou, e temos a póliza de crédito. En todo caso votaremos a favor xa que foi exposta ao público sen reclamacións.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o escrito 1.302/2011 de 13 de xullo da Delegación do Ministerio de Economía e Facenda de Lugo, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- *Outorgar o voto do Concello da Pobra do Brollón a favor dos concellos seguintes:*
  - + *Monforte de Lemos.*
  - + *Ribas do Sil.*
  - + *Ferreira de Pantón.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.04º.- FESTAS LOCAIS PARA 2012.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o escrito 1375/2011 da Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- *Establecer como festas locais para 2012 os días que se indican:*

<i>Data</i>	<i>Motivo</i>
<i>11 de xuño</i>	<i>Luns seguinte ao Corpus.</i>
<i>27 de agosto</i>	<i>San Vitoiro.</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.05º.- ORDENANZAS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A vixente Ordenanza Fiscal 21 regula o prezo público pola impresión de documentos a solicitude de terceiro. Nela figuraba o prezo de 0,30€ en branco e negro e 1,00€ en color. Estes prezos, establecidos xa hai moito tempo e que se viñeron mantendo, tiñan sentido daquela xa que logo as impresoras de que dispoñiamos eran de inxección polo que as impresións tiñan un alto custo para o concello.